



PROXECTO LINGÜÍSTICO



INDICE

1. INTRODUCCIÓN.	3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.	5
3. OBXECTIVOS.	11
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.	12
5. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS.	14
6. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.	15
7. BIBLIOGRAFÍA.	17



1. INTRODUCCIÓN

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

A **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística**, xunto coa **Constitución española, o Estatuto de Autonomía e o Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004** sinalan a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego. Tamén hai que ter en conta o **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario**, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo e que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística. Dito decreto sinala que cada centro elaborará cada catro anos o Proxecto Lingüístico de Centro, e a A administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos e fará seguimentos dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquiera de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia. Para potenciar o uso do galego en dito decreto sinálase a constitución dos equipos de dinamización da lingua galega.

Tamén hai que ter en conta o que sinala a **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**. Entre os fins da LOE, no seu artigo 2, están:

A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e a interculturalidade como un elemento enriquecedor.

A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial.

A LOE inclúe, ademais, un novo término “competencias básicas”, entre elas está a competencia en comunicación lingüística, no caso de Galicia os elementos que configuran esta competencia están referidos ás dúas linguas.

Entre os plans e proxectos derivados da LOE están o Plan TIC e o Proxecto Lector. Tentamos fomentar o uso do galego a través das TICs mediante o emprego de diferentes programas e webs da rede en galego, garantindo así o acceso de todos/as ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.

O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a



igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulación do galego que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e repectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade exige un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, seguindo para iso o marco delimitado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

A mobilidade do estudantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un atranco para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co matemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

“Somos galegos, en palabras de Castelao, por obra e gracia do idioma. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de



lingua galega e literatura”.

A normalización lingüística dun centro é unha tarefa compartida polo que se debe acadar unha implicación dos diferentes membros da comunidade educativa: profesorado, alumnado, nais, pais e persoal non docente. Só deste xeito lograremos desenvolver os obxectivos normalizadores.

Dende o equipo de Dinamización da Lingua Galega, máis alá de propostas puntuais e de organización de actividades, tentaremos levar a cabo unha función dinamizadora, coordinando e fomentando cantas iniciativas xurdan na comunidade escolar a prol do uso normal e efectivo da lingua galega, poñendo os medios necesarios, dentro das posibilidades do Equipo, para que esas actividades se desenvolvan.

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CEIP Monte dos Postes está situado no barrio de San Lázaro, no Concello de Santiago de Compostela, entre dúas rúas estratéxicas, a Avenida das Fontiñas e o Camiño Francés.

Atopámonos ao carón da Xunta de Galicia e de diversos centros socioculturais.

No centro están escolarizados 430 alumnos/as, dos cales 148 son de educación infantil e 282 de educación primaria. Tamén hai que ter en conta o alumnado procedente do estranxeiro. No centro están escolarizados 3 alumnos moldavos, 2 polacos, 4 marroquís, un uruguaio, unha xaponesa, un colombiano e 3 alumnos de etnia xitana.

O centro é de dobre liña, tendo 6 unidades de educación infantil e 12 de educación primaria, conta con 31 mestres/as que conforman o catálogo do profesorado e unha bedel.

Os alumnos/as que acoden ao noso centro proceden dos seguintes barrios: San Lázaro, Fontiñas, San Caetano, Meixonfrío, San Marcos-Bando, Amio, Aríns, Vite-Guadalupe, San Pedro e As Cancelas.

Primeiramente levaremos a cabo unha análise que nos permita coñecer cal é a realidade sociolingüística do centro.

En canto ao **contexto sociolingüístico do centro** sinalar que as variables deste apartado refírense á maior ou menor presenza das linguas no contexto físico e social en que

está situado o centro.

Para saber cal é o índice deste apartado utilizamos como técnica: fontes secundarias, tales como a consulta de información sociolingüística relativa ao lugar onde está situado o centro, diferentes publicacións, o mapa sociolingüístico, bases de datos do Instituto Galego de Estadística, da Real Academia Galega, información recollida nos diferentes medios de comunicación... Ademais das fontes anteriores aproveitamos a documentación coa que conta o centro: enquisas anteriores, documentación interna...

O resultado desta análise dános un índice que sinala que se emprega castelán e galego por igual.

Con respecto **á situación do profesorado**, para saber cal é o perfil sociolingüístico do profesorado utilizamos un cuestionario anónimo. O 34% emprega habitualmente na súa vida cotiá o galego e o castelán por igual, o 34% o galego e o resto o castelán.

O nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente é alto e o 55% teñen unha boa disposición para facer cursos de reciclaxe.

A actitude dos mestres/as cara a utilización do galego no ámbito educativo é moi favorable ao igual que cara á normalización social do galego.

Con todos estes resultados obtemos un novo índice que sinala que a dispoñibilidade por parte do profesorado para impartir docencia en galego é boa.

En canto **á situación do alumnado**, para obter os datos necesarios, pasouse ás familias un sinxelo cuestionario cuxo resultado vese plasmado nas seguintes porcentaxes:

Con respecto ao alumnado de **Educación Infantil**, dicir que a participación das nais e pais que cubren estas cuestións, é dun 66%

<i>Lingua que aprendeu a falar o seu fillo/a</i>	<p>43% en castelán</p> <p>32% ambas linguas por igual</p> <p>24% o galego</p>
<i>Lingua que se fala habitualmente na casa</i>	9% só castelán,



	<p>33% predomina o castelán</p> <p>20% castelán e galego por igual</p> <p>19% predomina o galego</p> <p>16% só en galego</p> <p>2% noutras linguas</p>
<i>Lingua utilizada polo seu fillo/a</i>	<p>18% só castelán</p> <p>45% predomina o castelán</p> <p>15% castelán e galego por igual</p> <p>14% predomina o galego</p> <p>7% só en galego</p> <p>1% noutras linguas</p>

Con respecto ao alumnado de o **1º ciclo de Primaria**, a participación das nais e pais que cubren estas cuestións, é dun 74%

<i>Lingua que aprendeu a falar o seu fillo/a</i>	<p>59% en castelán</p> <p>18% ambas linguas por igual</p> <p>20% o galego</p> <p>1% outra</p>
<i>Lingua que se fala habitualmente na casa</i>	<p>12% só castelán</p> <p>39% predomina o castelán</p> <p>14% castelán e galego por igual</p> <p>24% predomina o galego</p> <p>9% só en galego</p> <p>0% outra</p>



<i>Lingua utilizada polo seu fillo/a</i>	<p>29% só castelán</p> <p>48% predomina o castelán</p> <p>9% castelán e galego por igual</p> <p>9% predomina o galego</p> <p>2% só en galego</p> <p>0% noutras linguas</p>
--	--

Con respecto ao alumnado de o **2º ciclo de Primaria**, a participación das nais e pais que cubren estas cuestións, é dun 75%

<i>Lingua que aprendeu a falar o seu fillo/a</i>	<p>69% en castelán</p> <p>5% ambas linguas por igual</p> <p>24% o galego</p> <p>1% outra</p>
<i>Lingua que se fala habitualmente na casa</i>	<p>13% só castelán,</p> <p>41% predomina o castelán</p> <p>22% castelán e galego por igual</p> <p>12% predomina o galego</p> <p>6% só en galego</p> <p>2% noutras linguas</p>
<i>Lingua utilizada polo seu fillo/a</i>	<p>25% só castelán</p> <p>60% predomina o castelán</p> <p>10% castelán e galego por igual</p> <p>4% predomina o galego</p> <p>0% só en galego</p> <p>1% noutras linguas</p>



Con respecto ao alumnado de o **3º ciclo de Primaria** foron eles quen es respostaron a estas cuestións, cunha participación do 93%

<i>En que lingua aprendiches a falar</i>	<p>48% en castelán</p> <p>16% ambas linguas por igual</p> <p>31% o galego</p> <p>3% outra</p>
<i>Lingua que falas habitualmente na casa</i>	<p>17% só castelán,</p> <p>22% predomina o castelán</p> <p>28% castelán e galego por igual</p> <p>16% predomina o galego</p> <p>8% só en galego</p> <p>1% noutras linguas</p>
<i>Lingua utilizadas fóra da casa</i>	<p>30% só castelán</p> <p>32% predomina o castelán</p> <p>31% castelán e galego por igual</p> <p>6% predomina o galego</p> <p>5% só en galego</p> <p>0% noutras linguas</p>

En canto a lingua materna, se comparamos as últimas enquisas realizadas hai catro anos coas realizadas agora, observamos un claro predominio do castelán sobre o galego, este ascenso da lingua castelán aínda se fai máis evidente no ámbito escolar. Por outro lado estes resultados tamén foron contrastados cunha análise feita polo profesorado no ámbito escolar, que nos confirma que a presenza do galego na vida do alumnado é cada vez máis moderada.

Outra conclusión que extraemos destas enquisas é que aínda que se dea a existencia



de alumnado que ten o galego como lingua habitual na súa familia, poucas veces o mantén no ámbito escolar, onde adoitan integrarse na lingua maioritaria de relación do grupo: o castelán.

No tocante á competencia comunicativa en galego, facendo unha simple observación, podemos intuír que aínda que nos niveis inferiores a capacidade comunicativa en galego non é moi alta, a medida que ascendemos nos niveis dita capacidade increméntase notablemente (sobre todo na expresión escrita) aínda que os alumnos/as non teñan o galego como lingua habitual nin acaden a mesma competencia que no castelán. Isto é consecuencia lóxica de ter cursado xa a materia de lingua galega amais das materias que por lei deben impartirse en galego.

Feita a avaliación inicial, que o profesorado realiza nos primeiros días do curso, podemos saber cal é a competencia comunicativa que o alumnado trae da etapa ou ciclo anterior. Esta competencia comunicativa é boa en canto á capacidade de ler e entender, pero segue sendo insuficiente no que respecta á capacidade de falar ou escribir. Por todo isto EDLG debe insistir en deseñar estratexias que reforcen aquelas destrezas nas que o alumnado presente máis carencias.

Con todo, a actitude do alumnado, tanto cara a utilización do galego no ámbito educativo como cara á normalización social do galego é favorable.

Para analizar a **ambientalidade lingüística do centro** utilizamos como técnica a observación. Este punto indícanos en que medida o centro é ou non un ecosistema favorable á utilización da lingua galega.

As variables que se miden son as seguintes:

1. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros...
2. Emprego da lingua galega nas interaccións coas familias, co alumnado e con outras institucións. Nas interaccións co alumnado en contextos informais.
3. O emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro, da ANPA, nas actividades extraescolares.

4. Dotación de fondos en galego na biblioteca.
5. Presenza da lingua galega na utilización das TICs.
6. Visibilidade das accións do EDLG.

A análise do resultado dos diferentes puntos danos un índice no que a presenza ambiental do galego no centro é moito máis ampla a nivel escrito, é dicir, na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas aos pais, etc., contrastando co emprego cada vez menor da lingua galega a nivel oral, nas interaccións coas familias e co alumnado. Tamén é salientable o escaso emprego do galego nas notas informativas da ANPA e nalgúns das actividades extraescolares.

Ademais recolleamos outras variables que nos axudan a comprender a realidade sociolingüística do centro. Estas variables son:

- A situación do centro, que se atopa ubicado na cidade de Santiago de Compostela, e
- A presenza do alumnado inmigrante que é moderada, representa o 3%, do alumnado.

Cos resultados destes índices podemos obter o indicador global referido ao contorno sociolingüístico do centro. Este indicador danos un contorno con similar presenza das dúas linguas, cun lixeiro predominio do castelán.

Esto serviranos para planificar o camiño que debemos percorrer e as medidas adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado.

3. OBXECTIVOS

- 1.- Facer do centro un espazo plurilingüístico de convivencia e aprendizaxe no que se respecten as diferentes opcións persoais.
- 2.- Facer do galego a lingua propia do centro: que o galego sexa a lingua administrativa e a primeira lingua vehicular na actividade docente. Sen esquecer que o alumnado debe acadar a máxima competencia lingüística en todas as linguas obxecto de estudo.
- 3.- Incorporar ao centro ao programa de centros plurilingües para poder impartir algunha das materias nunha lingua estranxeira. A capacidade de comprensión e



comunicación noutras linguas e o desenvolvemento das destrezas lingüísticas son factores esenciais para que os nosos alumnos e alumnas sexan cidadáns europeos de pleno dereito.

4.- Acadar un suficiente dominio das linguas para que todo o alumnado do centro poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

A) Ambientalidade lingüística do centro.

- Revisión anual por parte da dirección do centro do efectivo cumprimento dos mínimos legais en materia que regula a potenciación e uso do idioma galego no centro.
- Publicación da lexislación vixente sobre o uso do idioma no centro así como do plano de potenciación lingüística realizado polo equipo de Dinamización da Lingua Galega en lugares visibles e accesibles para toda a comunidade educativa.
- Utilización do galego en toda a documentación do centro, así como en toda a cartelería que se expoña.
- Supervisión dos carteis, anuncios e convocatorias que se poñan nos taboleiros do Centro para estimular e facilitar o cumprimento da normativa vixente a empregar na comunidade escolar.
- Coordinar os esforzos para continuar co proceso de implantación do galego como lingua habitual do centro nas súas vertentes oral e escrita.
- Contribuír ao fomento de traballos interdisciplinares que contribúan a reforzar o galego como lingua vehicular do proceso de ensino-aprendizaxe.

B) Proxectos para a mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa

- Implicar á maior parte do profesorado na tarefa normalizadora. Para iso, procurárase a participación do maior número de docentes nas actividades promovidas polo equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Elaboración de materiais básicos tales como vocabularios específicos.



- Compromiso por parte do equipo de Dinamización da Lingua Galega de axudar e estar a disposición de todo o profesorado do centro que imparta a súa materia en galego para asesoralos e facilitarlles material así como toda colaboración que soliciten ao respecto.
- Manter e actualizar a bibliografía que haxa ao respecto e que se concentrará na biblioteca do centro. Así mesmo manter informados aos departamentos sobre a mesma.
- Aportar información sobre materiais didácticos noutros soportes (internet, vídeos, DVD).
- Trazar liñas de traballo que promovan a autoestima lingüística das familias, valorándoas como elemento imprescindible na transmisión do idioma e como elemento insubstituíble na aprendizaxe do alumnado.
- Traballar coordinadamente co equipo de actividades extraescolares e complementarias para garantir a presenza da lingua galega en todos os festivais e conmemoracións que se celebren no centro. Para isto, colaborarase con obras de teatro, dramatización de contos, recitado de poesías, cantigas, panxoliñas, etc; tamén se farán murais coas imaxes máis relevantes de cada un deles.

C) Fomento do uso do galego no contorno.

- Crear unha videoteca de cine galego e en galego así como de documentais galegos e en galego a fichar na biblioteca para que funcione en réxime de servizo de préstamo.
- Crear unha fonoteca de música galega que funcione en réxime de préstamo para que os alumnos/as e os seus pais/nais coñezan a riqueza e variedade musical de Galicia.
- Realizar charlas sobre temática diversa, pero relacionadas coa cultura galega (literatura, música, historia, etnografía...). Para iso desde o equipo de Dinamización da Lingua Galega tentarase contar coa presenza de “conferenciantes” especialistas na materia a tratar.
- Propoñer e/ou colaborar en distintas actividades promovidas desde a comunidade educativa:



- Saídas, recolleita, inventario e exposición da vexetación característica da zona, cos nomes específicos da zona.
- Saídas pola contorna para coñecer diferentes aspectos da realidade social da zona (arquitectura, arte, urbanismo, ...)
- Recollida de testemuños orais das persoas maiores (cantigas, refráns contos, lendas...), para o coñecemento do noso modelo de lingua oral e o noso patrimonio inmaterial.

D) Participación da Comunidade Educativa.

No deseño dalgunhas actividades é intención implicar a nais e pais así como ao personal non docente no desenvolvemento destas (recollida de mostras orais, saídas guiadas a lugares significativos da zona, elaboración de carteis e murais sobre os produtos alimenticios e os utensilios de cociña...)

5. LINGUAS NA QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS

En Educación Infantil constatando a situación sociolingüística a lingua vehicular nesta etapa, virá dada pola lingua materna predominante entre os nenos/as.

No primeiro e segundo ciclo de educación primaria impartiranse en galego as seguintes áreas:

- Lingua e Literatura Galega.
- Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.
- Educación Religiosa.
- Educación Artística.

No terceiro ciclo daranse en galego as seguintes áreas:

- Lingua e Literatura Galega.
- Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.
- Educación para a cidadanía.
- Educación Religiosa.
- Educación Artística.



6. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Actividades que inciden nos usos reais, orais e escritos, da comunidade educativa:

- **O MAGOSTO:**

- Coñecemento dos usos e orixe da castaña, cuestións xeográficas relativas á castaña (plantación, recollida...), culturais (festa do magosto), gastronómicas (receitas...) e de tipo social (xuntanzas comunitarias, asociacións veciñais...).

- Elaboración de carteis escritos en galego e unidades didácticas feitas polo ENL.

- **O NADAL:**

- Recollida por parte dos alumnos e alumnas de panxoliñas, cantares de reis, poesías da zona, etc.

- Preparación de obras de teatro en galego, panxoliñas .

- Confección de murais do Nadal con texto en galego, nos que os nenos e nenas participen activamente e expoñelos en corredores do centro.

- **O ENTROIDO:**

- Coñecer os disfraces galegos do noso contorno próximo e máis lonxano.

- Elaboración de traxes e disfraces tipicamente galegos cunha mesma temática para todo o centro.

- Celebración gastronómica do entroido coa implicación de toda a comunidade educativa (ANPA, profesorado, PAS,..).

- Elaboración dun Meco, que ao longo dunha semana nos dará instrucións de como disfrazarse cada día.

- **Celebración das LETRAS GALEGAS:**

- Obradoiros de poesía. Seleccionaranse diferentes autores e textos para os diversos ciclos.

- Presenza dun escritor galego e coloquio sobre unha obra lida anteriormente polos alumnos/as.

- Elaboración de diferentes unidades didácticas sobre os escritores aos que se lle adica o Días das Letras Galegas.

- **Revista escolar:**

- Confección da Revista Escolar “Semente” como instrumento de divulgación da

lingua galega, así como á súa vez de uso. Nela reflíctense todas as actividades extraescolares e outros intereses da comunidade educativa ademais dos traballos dos alumnos/as dos distintos niveis do centro coordinados e supervisados polo ENL.

Haberá un exemplar por familia, profesorado, institucións e locais públicos da zona.

- **Celebración de efemérides:**

Día da Paz, 30 de xaneiro, Día da Biblioteca 24 de outubro, Día de Rosalía 24 de febreiro, Día da Muller Traballadora, 8 de marzo, Día da Poesía 21 de marzo, Semana da Prensa,...

- **Outras actividades:**

- Recuperación de contos populares, receitas gastronómicas, refráns, cantigas do noso contorno nas distintas áreas...

- Creación de material didáctico feito en galego para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo: fichas individualizadas, carteis e murais... adaptados ao seu nivel de desenvolvemento oral e escrito.

- Elaboración dun pequeno dicionario de vocabulario básico para os alumn@s non galego falantes.

- Creación de materiais didácticos elaborados polos mestres do centro para que logo poidan ser utilizados nos distintos ciclos (CDs, presentacións en PowerPoint, unidades didácticas...).

- Promoverase o emprego do galego nas TIC: google en galego, corretores ortográficos, tradutores castelán-galego,...

- Elaboración de carteis, murais, slogans para colaborar no programa de animación á lectura en galego.

- Intercambio de correspondencia tanto por carta coma por e-mail con outros centros.

- Galeguización dos espazos do centro: confección de murais na biblioteca con mensaxes en galego.

- **Participación en actividades propostas polo Concello de Santiago de Compostela e outras institucións (Correlingua, contacontos, Concurso de carteis,...) que favorezan o uso do galego.**



7. BIBLIOGRAFÍA

Para a elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) empregamos os seguintes textos lexislativos:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario der Galicia (DOG nº 97 do 25 de maio de 2010).

Ademais empregamos, entre outras, como obras de consulta:

- Censo de poboación e vivendas. Instituto Galego de Estatística.
- Mapa sociolingüístico de Galicia. Real Academia Galega.
- CIDADANÍA (2003), O proceso de normalización do idioma galego. Volume 1. Política Lingüística : análise e perspectivas. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- A planificación lingüística nos centros educativos (2007). Xunta de Galicia.

Como sitios webs relevantes:

- www.xunta.es/linguagalega
- www.xunta.es/contidoseducativos
- www.consellodacultura.org
- www.as-pg.com